

OS PUNTOS LIMPOS

por Víctor Caamaño Rivas

Desde hai uns anos vense desenvolvendo, nalgúns concellos galegos, un plan de recollida selectiva de Residuos Sólidos Urbanos. Esta é unha das actuacións que contempla o Plan de Xestión de RSU de Galicia, o cal intenta reducir a cantidade de residuos producidos nos nosos fogares.

Aínda que actualmente, no Salnés, os resultados deste sistema están sendo desalentadores, resulta evidente que, de realizarse correctamente, suporía unha solución para reciclar certo tipo de residuos (envases e embalaxes de plástico e cartón, vidro e papel) que producimos en gran cantidad.

¿E que podemos facer os cidadáns con residuos como as pinturas, disolventes, escombros, mobles pequenos, tubos fluorescentes, etc?

O Plan citado anteriormente contempla, para a eliminación destes materiais, a creación dos chamados Puntos Limpos, que complementarían o sistema de recollida selectiva de residuos procedentes dos nosos fogares. A Consellería de Medio Ambiente ten como obxectivo a medio prazo a creación dun punto limpo por comarca e, a finais do 2006, un por cada concello de máis de 5.000 habitantes.

¿De quen depende a construcción dun Punto Llimpo?

Concellos, Xunta e Unión Europea colaborarán na súa cons-

trucción. O valor aproximado dun Punto Limpo estímase nuns 210.000 euros (35.000.000 de pesetas) pero boa parte desta cantidade procederá dos Fondos de Cohesión da UE. Dos concellos depende unicamente a cesión dos terreos para a ubicación das instalacións e o posterior mantemento.

¿Como debe de ser un Punto Limpo? Debe de ser un lugar accesible e ben comunicado para que o cidadán se poida achegar a el doadamente. Disporá dunha zona cuberta e outra descubierta para diferentes residuos, en colectores independentes segundo os distintos tipos, e xamais albergará residuos perigosos. Ademais, estes recintos non deberán desprender maños olores nin producir ningún tipo de contaminación.

¿Cal será o destino dos residuos acumulados? Os residuos almacenados serán enviados

a un xestor autorizado para que proceda a súa reciclaxe. Todo semella estritamente estudiado; se a teoría se convirte en realidade, Galicia camiña hacia o "mundo perfecto".

¿Como está a situación dos Puntos Limpos no Salnés?

O maior problema que están encontrando os concellos da nosa comarca é a adquisición de terreos; precisamente o único compromiso ó que están obrigados no convenio tripartito (Xunta-UE-Concello) para a construcción deste tipo de instalacións. Esta contrariedade non é nova. Estamos acostumados a observar como os Concellos perseguen continuas subvencións dos diferentes estamentos públicos (autonómicos, nacionais e europeos) para a construcción de calquera obra pero, no momento de conseguila, non se dispón de terreos apropiados para a súa ubicación (ixestionar ben non é doado!).



Actualmente a situación nos nosos concellos é a seguinte:

Cambados é o único concello que dispón dun Punto Limpo. Ben, aclaremos está situación. Hai aproximadamente dous anos que a obra está rematada (e, por suposto, inaugurada) pero non é operativa. Situado no Polígono de Sete Pías, non dispón de acceso (no que traballan na actualidade), sumidoiros, electricidade nin servicio telefónico. Aínda así, se comparamos esta situación coa dos outros concellos do Salnés, chegaremos á conclusión de que Cambados goza dunha situación máis que envidiable.

O alcalde de **Sanxenxo** anunciou no mes de outubro do ano 2001 que na primavera seguinte estaría en funcionamento o seu Punto Limpo (nota: esa primavera rematou hai doce meses). Para isto adquiriu unha finca en Padriñán por valor de 70.000 euros (11.000.000 pesetas) pero que carecía de sumidoiros, auga e os accesos eran difílcitosos para vehículos pesados. A Consellería de Medio Ambiente rexitou esta posibilidade e anunciou que, de non dispor dun terreo axeitado antes de finalizar o ano 2002, a subvención e autorización para ubicar o Punto Limpo serían traspasados a outro municipio próximo. O Concello tentou negociar a compra doutro terreo en Adina pero ó non chegar a un acordo optouse finalmente por acondicionar a finca de Padriñán, e actualmente as obras xa están contratadas.

O pleno do Concello de **Ribadumia** aprobou por unanimidade aceptar unha subvención da Consellería de Medio Ambiente por valor de 120.000 euros (20.000.000 pesetas) para a construción do seu Punto Limpo. Baralláronsen tres posi-



bles ubicacións (no Polígono, en Leiro e en Besomaño) para que técnicos da citada Consellería decidiran a máis adecuada. Finalmente, decentraronse por un terreo, de titularidade municipal, en Leiro, no cal se realizará a construción unha vez que a Consellería contrate as obras.

No **Grove** todavía non hai nada decidido. Nun principio pensouse situalo na canteira da Cova da Loba, pero a Comunidade de Montes de San Vicente, propietaria da parcela, non aceptou; disculpa que utilizou o Concello para buscar culpables. Posteriormente buscouse un lugar en Ardia pero tampouco se chegou a concretar. Actualmente non hai nada claro e quizais acaben por plantearlle a Medio Ambiente a posibilidade de ubicalo no Espacio Protegido; supoño que o Conselleiro estudiará o caso con "moito cariño".

E finalmente **Meaño**, "ese gran descoñecido". Meaño tamén busca o lugar axeitado para o seu Punto

Limpo. Este Concello todavía non está no Plan Sogama, ¿estará no futuro? Actualmente segue utilizando o seu vertedoiro incontrolado de Fontefría e segue incinerando lixo sen ningún criterio.

Como podemos observar, a situación no Salnés ainda está moi verde e mesmo hai vertedoiros municipais en activo. O citado Plan de Xestión de RSU conta cun "Programa de Adecuación, Selado e Clausura de Vertedoiros (1999-2006)" para o cal está destinado un investimento total de 120 millóns de euros (20.000.000.000 pesetas), e prevé que tódolos vertedoiros municipais estean pechados antes do ano 2006. Parécenos un prazo moi longo que está permitindo ós concellos implicados tomar as cousas con moita calma; con excesiva calma. Cómprase esixir unha maior axilidade á hora de resolver os problemas pendentes cos RSU, non só no referente ós vertedoiros municipais senón tamén ós múltiples vertedoiros incontrolados que están emergendo continua e abundantemente. Unha boa solución para acabar cos vertedoiros incontrolados serían os Puntos Limpos.

Cando existan, claro.

